

REAL ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

DEREITO, PODER E ÉTICA

Discurso lido o día 1 de febreiro de 2013 na Solemne Sesión de Ingreso
do Académico de Número

EXCMO. SR.

DON XESÚS CARLOS PALMOU LORENZO

e contestación do

EXCMO. SR.

DON JULIO PADILLA CARBALLADA

Académico de Número



A Coruña, 2013

© de la edición: RAGJYL
© de los textos: sus autores

ISBN:
Depósito Legal:

Patrocina la edición: Excm. Diputación Provincial de A Coruña
Imprenta Provincial - A Coruña

ÍNDICE

DEREITO, PODER E ÉTICA.....	11
I.– INTRODUCCIÓN.....	11
II.– REFERENCIAS HISTÓRICAS.....	11
II.1.–A Grecia clásica.....	14
II.2.–O mundo romano.....	14
II.3.–A Idade Media.....	16
II.4.–O Renacemento como embrión do estado nacional.....	16
II.5.–Nacemento e desenvolvemento do Estado de dereito.....	18
III.– O ESTADO SOCIAL E DEMOCRÁTICO DE DEREITO.....	20
III.1.–O paradoxo democrático.....	21
III.2.–O imperio da Lei.....	23
III.3.–A lexitimación democrática.....	23
III.4.–A ética como presoposto imprescindible dunha gobernanza democrática.....	25
III.5.–A transparencia como presuposto da legalidade e da ética.....	27
III.6.–O control externo. Eficacia e eficiencia.....	29
IV.– ASTENSIÓNS ACTUAIS DO ESTADO DE DEREITO.....	30
IV.1.–Poderes rexionais.....	31
IV.2.–Os espazos supraestatais. A Unión Europea.....	32
V.– PODER, DEREITO E ÉTICA NUN MUNDO GLOBAL.....	35
BIBLIOGRAFÍA UTILIZADA.....	37

DERECHO, PODER Y ÉTICA	43
I.– INTRODUCCIÓN	43
II.– REFERENCIAS HISTÓRICAS.....	43
II.1.–La Grecia clásica	46
II. 2.–El mundo romano	47
II.3.–La Edad Media	48
II.4.–El Renacimiento como embrión del estado nacional.....	49
II.5.–Nacimiento y desarrollo del Estado de derecho	51
III.– EL ESTADO SOCIAL Y DEMOCRÁTICO DE DERECHO	53
III.1.–La paradoja democrática.....	54
III.2.–El imperio de la Ley.....	55
III.3.–La legitimación democrática.....	56
III.4.–La ética como presupuesto imprescindible de una gobernanza democrática.....	58
III.5.–La transparencia como presupuesto de la legalidad y de la ética.....	60
III.6.–El control externo. Eficacia y eficiencia	62
IV.– LASTENSIONES ACTUALES DEL ESTADO DE DERECHO	63
IV.1.–Poderes regionales	64
IV.2.–Los espacios supraestatales. - La Unión Europea	65
V.– PODER, DERECHO Y ÉTICA EN UN MUNDO GLOBAL.....	69
CONTESTACIÓN POR EL ACADEMICO NUMERARIO EXCMO. SEÑOR D. JULIO PADILLA CARBALLADA.	75

I

DISCURSO

do

EXCMO. SR.

XESÚS CARLOS PALMOU LORENZO

**DISCURSO DE INGRESO NA REAL ACADEMIA GALEGA
DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN DO ACADÉMICO
ELECTO XESÚS CARLOS PALMOU LORENZO**

Lido o 1 de febreiro de 2013

Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

Excmo. Sr. Delegado do Goberno en Galicia.

Excmo. Sr. Vicepresidente da Xunta de Galicia.

Excmo. Sr. Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Excmo. Sr. Fiscal Superior de Galicia.

Excmo. Sr. Presidente do Consello da Cultura Galega.

Excmo. Sr. Presidente do Consello da Avogacía Galega.

Excmo. Sr. Presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

Excmo. Sr. Secretario da Real Academia da Lingua Galega.

Excmos. e Ilmos. Sras. e Sres. Académicos.

Ilmas. Autoridades.

Queridas amigas e amigos:

Quero en primeiro lugar, expresar a miña profunda gratitude ao Pleno desta Real Academia por outorgarme o honor de incorporarme como un dos seus membros numerarios, á vez que comprometo o meu traballo e colaboración leal e desinteresada na súa importante tarefa.

Agradezo tamén moi especialmente ao meu amigo Julio Padilla, ilustre xurista e exemplar servidor público, que aceptase contestar ao meu discurso.

Resulta para min singularmente grato ocupar a praza que antes ocupou Antonio Díaz Fuentes (Q.E.P.D.) insigne xurista, escritor e político, en cuxas actividades demostrou especial vocación e coñecementos.

Coñecín a Antonio Díaz Fuentes en estrados cando ambos exercíamos a avogacía alá polo ano 1985, e neste primeiro encontro puíden apreciar persoalmente, ademais da súa extraordinaria preparación xurídica, a súa gran categoría humana e exquisito trato cos seus compañeiros.

Máis tarde coincidimos como relatores ambos en 1996, no Curso Superior do Dereito Civil de Galicia organizado por esta Real Academia e pola Universidade de Santiago de Compostela, no que Antonio nos ilustrou sobre as perspectivas de futuro do noso Dereito Civil, na liña que recollen as súas varias publicacións.

Finalmente, no ano 1999, visitábame no meu despacho da Consellería de Xustiza para facerme entrega dun exemplar do seu último libro. Tiven a fortuna de manter con el unha longa charla, durante a que transluciu o amor a Galicia que impulsou a súa actividade política.

É para min unha grande honra levar a medalla que levou Antonio Díaz Fuentes.

DEREITO, PODER E ÉTICA

I.- INTRODUCCIÓN

Sería unha ousadía pola miña parte pretender un discurso empapado de erudición e ciencia xurídica, non foi esa a miña intención. Pola contra optei por unhas reflexións que, no fondo, transluzan a experiencia dunha vida profesional a cabalo entre a miña condición de membro da administración pública profesional, a práctica e estudo do dereito no ámbito privado e académico, e o exercicio dunha actividade pública directamente relacionada co mundo da xustiza e o dereito económico aplicado, e coa produción legislativa, na que por certo, en máis dunha ocasión puiden contar co sabio parecer do noso presidente José Antonio García Caridad. Por iso, estas reflexións, froito de anos de estudo, observación e experiencia e uns meses de condensación, van a estar relacionadas co poder, o dereito e a ética. O poder entendido, en palabras do profesor Puy Muñoz, como a representación da forza amparada no dereito e no Estado. O poder sometido ao dereito e empapado dunha ética que o dote dunha maior utilidade social.

II.- REFERENCIAS HISTÓRICAS

Pero permítanme que comece estas reflexións, despois de agradecerlles de antemán, a súa paciencia para escoitarme e a súa benevolencia para xulgar-me, cunhas referencias históricas, por canto a historia non constitúe un mero coñecemento de feitos pasados en calquera lugar

e momento, senón, e sobre todo, atenta e celosa conciencia do noso pasado, daquel pasado que máis inflúe no presente, e en certa maneira o explica, á vez que é presenza necesaria para mellores eleccións de cara ao futuro. Como dixo o filósofo e poeta español do século pasado Jorge Agustín de Santallana, quen non é capaz de recordar o pasado está condenado a repetilo. Ademais, a política na súa acepción máis científica, como coñecemento sistemático do poder e as institucións do Estado, tamén presente parcialmente no meu discurso, ten na historia unha das ciencias auxiliares.

Feita esta primeira reflexión, e entrando en materia, todo parece indicar que desde o amencer da historia, o poder aparece como unha esixencia da natureza humana. Fronte ao resto dos seres vivos do reino animal cuxo código xenético incorpora o instinto de conservación individual a través da caza, e o da especie a través da reprodución, o home, dotado de intelixencia e capacidade de razoar, é un ser social ou, como dixo Aristóteles, un animal político. En consecuencia, non sendo o comportamento humano tampouco alleo ao instinto de conservación, a súa intelixencia e outras características propias da súa especial natureza no reino animal, concretadas no *ser máis*, que tivo a súa principal manifestación na xerarquía a través da historia, e *ter máis*, que se manifestou a través da ocupación excluínente (propiedades), e as súas paixóns e especiais relacións de parella, constituíron os condicionantes máis importantes da convivencia humana. Estes condicionantes estiveron mitigados por outros sentimentos positivos derivados do parentesco, a amizade, a compaixón, a solidariedade e a busca da felicidade individual e colectiva. É dicir, a vida do home en sociedade xera dereitos e obrigas, pero tamén violencia e todo elo propiciou a aparición do vínculo social.

Xurde así o xermolo do poder institucionalizado, concentrado e lexitimado a través da libre vontade dos individuos, xerando normas xurídicas, é dicir dereito, que intenta encamiñar o exercicio do propio poder e o comportamento dos cidadáns. Pola mesma razón, para disciplinar o dereito e a súa aplicación ao exercicio do poder e ao comportamento dos cidadáns, aparece a ética pública ou moral pública, conxunto de valores e principios que, con distinta orixe no tempo e no espazo, variaron ao longo da historia.

Podemos concluír *ab initio* que o consentimento, tácito ou expreso, é o elemento lexitimador do poder e do dereito inherentes ao vínculo social. Baixo esta premisa, a familia, a tribo, a cidade e fundamentalmente o Estado, son agrupacións humanas dotadas de vínculo social, de poder e de dereito.

Porén a realidade histórica nos demostra que o exercicio do poder non estivo sempre lexitimado polo consentimento social. Pola contra, ten pendulado desde a forza, como única impulsora da convivencia, ata o dereito e a razón, socialmente aceptados, como base e regulación da cohesión que garanta esa convivencia; pasando por normas de raíz teolóxica que lle outorgaron lexitimación e forza de obrigar.

En resumo, tal como afirma Norberto Bobbio, “*a historia pode ser imaxinada como un gran torrente canalizado: a canle está determinada por normas de conduta, relixiosas, morais, xurídicas, sociais que contiveron a corrente das paixóns, dos intereses, dos instintos dentro de certos límites, e que permitiron a formación daquela sociedade estable, coas súas institucións e ordenamentos, que chamamos civilización*”.

O Código de Hammurabi ou as Tablas de la Ley na tradición xudeocristiá, son primeiras manifestacións escritas de normas reguladoras da

convivencia. Pódese afirmar que en Mesopotamia ou en Egipto, a historia humana viña precedida da historia divina, sendo esta última a que lexitimaba aos reis, ás dinastías e as súas normas.

II.1.- A Grecia clásica

Pero neste devir histórico, será na Grecia clásica, cara o século IV antes de Cristo, cando os seus filósofos, aínda defendendo ordenamentos distintos, manteñan un pensamento común: A Lei, e o respecto á Lei, é a única garantía dunha vida politicamente sanda. Trátase de garantir a orde mediante a Lei ou mediante o respecto á Lei. Comeza aquí, pois, o reino da Lei como garantía da loita contra a anarquía.

O grego síntese orgulloso de someterse a unha orde legal e non a un home. A Lei, o Dereito en definitiva, reforza o poder da cidade que se unifica en torno a ela. Sócrates bebe a cicuta e morre antes que transgredir a Lei, e case un século máis tarde, Aristóteles afirma que *“a xustiza é o centro do goberno político, e o dereito é a orde da sociedade civil”*. Non hai orde concibible fóra da Lei.

En consecuencia, para os gregos é tarefa de filósofos a constitución dunha ciencia da política que, coincidindo en valores comúns como o ben e a xustiza, sexa a base do poder e do dereito que, deste modo, estarán impregnados dun poso ético-moral. Touchard sostén que aquí, en Grecia, está o embrión dunha división: A moral é divina, e a lexislación é humana.

II.2.- O mundo romano

E mentres que os filósofos gregos teorizan sobre o exercicio do poder e as súas formas, sobre política, lei e moral; o dereito serve ós romanos de política e de moral. A historia de Roma está intimamente

ligada ao dereito. No mundo romano, o poder exerceuse en función do *imperium*, e o dereito, inicialmente de inspiración relixiosa e consuetudinaria, é interpretado e integrado polos xurisconsultos ou xuristas, baseándose na xustiza, a equidade e a utilidade, dando así ao dereito romano unha especial dimensión ética. O dereito disciplina as relacións sociais e o poder cunha flexibilidade, vitalidade e dinamismo que lle permiten adaptarse ao complexo mundo romano, desde os seus comezos na humilde cidade de Roma ata un imperio case universal no seu tempo; superando revolucións internas e convivindo as súas institucións con estruturas de poder tan dispares como a monarquía, a república, o principado e o dominado. Ademais, o dereito consagrou a igualdade entre cidadáns romanos.

En canto á lexitimación do poder e do dereito en Roma, podemos afirmar que durante a etapa republicana ambos gozaron dunha certa lexitimación democrática. Unha democracia que en aspectos puramente formais ten certas concomitancias coa actual. Véxanse as recomendacións de Quinto Tulio Cicerón a un candidato ao Consulado Romano, é dicir, á máis alta maxistratura da república romana, no século I antes de Cristo. No seu *Breviario de Campaña electoral*, afirma: “*Dedícate á cidade enteira, a tódalas corporacións, ós barrios, ás aldeas. Se ganas a amizade dos homes máis importantes destes grupos poderás facilmente contar co resto dos cidadáns. Debes utilizar unha linguaxe apropiada á súa maneira de ser e coñecementos. Os que viven no campo considéranse amigos só con que os chames polo seu nome, ou se crean ademais que esta amizade lles vai deparar algunha axuda*”. Unhas recomendacións perfectamente asumibles, non fai moitos anos, por algún candidato dos nosos días.

II.3.- A Idade Media

Pero coa chegada e expansión do cristianismo e a posterior caída do Imperio Romano, xa fóra por causas de dexeneración moral, xa por inestabilidade política ou outras, o binomio poder e dereito, moi especialmente no que se refire á orixe e xustificación do primeiro e á produción e aplicación do segundo, dará un xiro; aparecendo unha profunda relación de ambos coa relixión, que se manterá tamén varios séculos.

Xa no século I, unha epístola de San Pablo aos romanos anticípanos por onde discorrerá a lexitimación do poder terreal, e o seu dereito público, no tardoimperio e no mundo cristián durante a Idade Media. Di San Pablo que non hai poder que non veña de Deus, en consecuencia, o poder temporal ou político, ten orixe divina. Pero será San Agustín no século IV no seu “Civitas Dei” e logo os seus discípulos, os que distinguan entre cidade de Deus e cidade terreal, mantendo que, aínda sendo poderes independentes entre si, a sociedade terrenal se integra nas prescricións divinas e, de acordo con esta doutrina, o *imperium* romano propio do poder terreal desaparece. En consecuencia, a igrexa impón a súa *auctoritas*, deixando ao poder terreal a *potestas* ou poder de administración.

Ao longo da Idade Media vívense séculos de confusión entre poder espiritual e poder temporal ou terreal. A paz da igrexa e do estado corren parellas e o Papado goza dun elevado protagonismo na escena política e na lexitimación do poder e do dereito público.

II.4.- O Renacemento como embrión do estado nacional

Pero virá o Renacemento, e a aparición da idade moderna, a reorientar o concepto e lexitimación do poder político. A volta ao mundo clásico e o antropocentrismo aflorarán no teocentrismo imperante. Consolídase unha

nova estrutura de poder despótico lexitimado polos seus fins. O mantemento da unidade territorial e a paz social encárnanse na persoa do monarca, cuxa razón lexitimadora pasa a ser a continuidade dinástica e o embrionario sentimento nacional dos seus súbditos, desprazando lentamente ao poder teocrático. Aquí a ética cede fronte á razón de estado.

Primeiro Maquiavelo, coa súa idea da razón de estado, e despois Bodino, a través do seu concepto de soberanía como imperativo categórico da súa existencia e da súa unidade, lexitiman doutrinalmente a monarquía absoluta. Ademais, no século XVII irrompe na esfera do poder e da sociedade, o dereito natural da man de Grotius e Pufendorf, como un dereito distinto ao dereito positivo, baseado na idea de utilidade xeral, dos dereitos inherentes ao individuo e á propia natureza, aproximándose ao que máis tarde aparecerá como dereito natural racionalista. Lexitima o nacionalismo e tamén o absolutismo ou concentración do poder no monarca.

En medio de guerras de relixión, guerras pola liberdade de conciencia e pola independencia territorial, consolídase esa nova realidade política que é o Estado nacional. A quebra do feudalismo acompañada dunha auténtica revolución administrativa, coa aparición do exército profesional, pódense considerar como o embrión do estado moderno, cuxas características son xa a centralización política, a unificación territorial e o fortalecemento do poder, xunto a unha administración de xustiza en nome do rei que alcanza xa especial importancia, ao ser un requisito básico da unión política e territorial. A unificación da xustiza leva consigo a unificación parcial do dereito en torno ao modelo subministrado polo dereito romano, no ámbito das relacións sociais ou dereito privado, e en torno ao principio de que o que o príncipe quere ten forza de lei, no ámbito do dereito público.

En España, que neste momento ocupa un lugar preeminente en Europa e no mundo, será o diplomático Diego Saavedra Fajardo quen na súa obra “Idea de un príncipe cristiano representada en cien empresas”, teorice sobre unha ética civil á vez que afirme que o príncipe debe exercer a súa política baseada nas virtudes cristiás. Fronte a Maquiavelo, distingue entre a boa e a mala razón de estado e so á primeira considera lexítima. Na súa célebre frase, que lle gustaba recordar a Don Manuel Fraga, “*del centro de la justicia se sacó la circunferencia de la corona*”, liga monarquía e xustiza, afirmando que só esta preservará a unidade do reino.

No que fai referencia ao económico, o estado moderno constitúe a primeira fase da transición do feudalismo, baseado na vasalaxe, ao mercantilismo, incipiente capitalismo e ao nacemento da burguesía que, en boa medida, condicionarán a estrutura do poder político posterior. A necesidade de incrementar o poder é tamén unha constante no estado nacional e a guerra é o medio para elo, converténdose en fonte de acumulación de riquezas para os mercaderes, o que xunto ao descubrimento de América e posterior chegada a Europa do ouro e a prata do novo mundo, podemos considerar como o embrión do mercantilismo e do capitalismo que logo se desenvolverían ao abeiro da revolución industrial. Serán precisamente o mercantilismo e o capitalismo comercial os que, dando orixe a unha burguesía poderosa, constitúan a principal ameaza para o poder monárquico absoluto.

II.5.- Nacemento e desenvolvemento do Estado de dereito

O pensamento político, xurídico e filosófico do século das luces, e as teses das súas máis representativas personalidades no ámbito do pensamento (Montesquieu, Diderot, Rousseau), serán os que alumeen

as revolucións americana e francesa do século XVIII e o triunfo definitivo, ao menos en teoría, da razón alomeando o nacemento do Estado de dereito. É dicir, o Estado, en palabras de Kelsen, como “*unha multitude de homes que viven sobre unha parte da superficie terrestre claramente delimitada das restantes, constituíndo unha organización de dominio á que se dá o nome de poder*”. Un pobo sobre un territorio no que o dereito pretende lexitimar e disciplinar o exercicio do poder e a dinámica social. Se ben é certo que nas revolucións americana e francesa está o xerme da democracia en América e Europa, no plano teórico será Tocqueville quen lle outorgue carta de natureza e nobreza na súa obra “La democracia en América”.

Na última metade do século XVIII e primeira do século XIX, as máquinas, a química aplicada á industria e á agricultura, a navegación a vapor e o ferrocarril, o telégrafo e as grandes obras públicas, todo elo conducido fundamentalmente pola burguesía, propiciou niveles de produción agraria e industrial e un desenvolvemento urbano, inimaxinables poucos anos antes. Pero paralelamente, as cidades ampliadas, modernizadas e cheas de atractivos e comodidades para uns, enchéronse tamén de abundante e barata man de obra, incluíndo mulleres e nenos sometidos a inhumanas tarefas, que teñen que competir coas máquinas, soportando, nesa competición, diminucións salariais e tensións inflacionistas que degradan as condicións de vida das clases asalariadas. Estas dúas realidades constitúen o anverso e o reverso da moeda do apoxeo mercantilista-capitalista.

Esta situación propicia que Marx e Engels teorizaran sobre a idea de que o gran desenvolvemento económico deste século tiña un heroe real e efectivo, a burguesía, e un só mártir, o proletariado, desenvolvendo as súas teses que poñen en solfa a capacidade do Estado e do dereito, que

definen como superestructuras da produción, para conformar unha sociedade minimamente igualitaria e xusta. Teses que tiveron un notable protagonismo sobre a conformación do poder e o papel do dereito en moitos países do mundo durante o pasado século. En definitiva, revolución industrial, nacionalismo, capitalismo, marxismo, serán os ingredientes da dinámica poder, dereito e ética ao longo do século XX.

Despois do século das luces, despois do triunfo, ao menos teórico, da razón e do dereito como conformadores do poder e do seu exercicio, coñeceremos un século XX cheo de incerteza e de convulsión política e económica, no que, máis que nunca, se porá de manifesto, con especial crueza, a afirmación hegeliana de que a idea de liberdade é indeterminada, ambigua e susceptible dos máis grandes malentendidos. Un século no que, en demasiadas ocasións, o dereito, a ética e a razón cederon ante o poder da forza, con consecuencias dramáticas para a humanidade.

III.- O ESTADO SOCIAL E DEMOCRÁTICO DE DEREITO

Pero ao lado da convulsión política e social, o século XX trouxo tamén á humanidade o perfeccionamento do Estado de dereito e da democracia e a súa posterior transformación, ao menos no noso continente, no Estado social e democrático de dereito. O Estado no que a lexitimación democrática do poder a través do sufraxio universal e a igualdade de homes e mulleres, desde a concepción de que a soberanía só reside no pobo, estivo acompañada dun importante avance na realización de dereitos fundamentais do cidadán como a liberdade e a igualdade, mentres que valores como a dignidade e a solidariedade se concretaron nunha serie de dereitos de carácter social que conforman o que hoxe moitos chaman o estado providencia. Ademais das conquistas sociais, este século alumeou tamén avances revolucionarios no campo

tecnolóxico e da comunicación, dando orixe á era da comunicación global e da globalización económica, que sen dúbida tivo influencia na caída do muro de Berlín e posterior derrubamento do bloque soviético no seu conxunto, coa desaparición da guerra fría e da ameaza de conflagración mundial.

Foron cambios de tal transcendencia que permitiron falar, a algún politólogo como Fukuyama, do fin da historia, é dicir, do triunfo definitivo da democracia e da economía de mercado ou liberalismo político e económico, sobre os totalitarismos e a economía planificada e estatalizada. Segundo este autor, o mundo entraba nunha era de paz, na que a interrelación a escala global restaría poder e protagonismo aos estados nacionais, facilitando o progreso da humanidade no seu conxunto.

III.1.- O paradoxo democrático

Porén, só 20 anos despois da caída do muro de Berlín e consecuente desaparición dos bloques antagónicos que ameazaban a paz mundial, a situación dista moito de ser a que vaticinaba Fukuyama. A globalización, especialmente na súa vertente económica, é hoxe unha realidade, pero os conflitos e guerras seguen sementando desolación en moitas partes do mundo, aínda que a súa orixe non estea xa na adscrición dos contendentes a un dos dous bloques.

A democracia, como lexitimadora do poder e do dereito, no seu aspecto formal gañou terreo, duplicándose o número de países democráticos despois dos anos 70. Pero fronte a este incremento de réximes políticos no que o dereito, democraticamente lexitimado, disciplina o seu funcionamento, dáse a circunstancia de que naquelas democracias maduras, que nunha importante parte do mundo están tratando de imitar, existe unha crecente desilusión e, na maioría, a desconfianza na clase

política e a desafección cidadá se está incrementando considerablemente nos anos recentes. Xa no ano 2000, Anthony Giddens, na súa obra “El mundo en la era de la globalización”, nos alerta deste fenómeno, que se viu acentuado como consecuencia da actual crise económico-financeira. É paradoxal que sendo a democracia de partidos a que outorga ás masas protagonismo no escenario político, agora parezan ser as masas as que lle dan ás costas á democracia de partidos. Craso error. Vén aquí ao caso recordar as palabras que Antonio Machado pon en boca do seu apócrifo Juan de Mairena: *“Yo no os aconsejo nunca el apoliticismo, sino, en último término, el desdén de la política mala, que hacen trepadores o cucañistas, sin otro propósito que el de obtener ganancias y colocar parientes”*. A desafección cidadá do ámbito político democrático, é o camiño seguro para o acceso ao poder destes personaxes.

Esta situación, parece aconsellar unha análise sosegada da interrelación dereito, poder e ética e a súa percepción pola cidadanía, tratando de coñecer as causas polas que se produce este desinterese pola política, especialmente entre os mozos, nos países tradicionalmente democráticos, ao mesmo tempo en que a democracia está en expansión no resto do mundo. Unha análise que nos permita coñecer a medida en que se cumpren hoxe, na práctica, os presupostos teóricos necesarios para a existencia e funcionamento do Estado social e democrático de dereito, non só no seu aspecto formal senón tamén no seu sentido real ou material.

A disciplina do dereito sobre o poder, o mesmo no que fai referencia á súa estrutura que ao seu exercicio, é dicir, o imperio da lei e a lexitimación democrática dese dereito a través do sufraxio universal libre, directo e secreto, son presupostos básicos ou fundamentais do Estado de dereito, pero levan consigo unha serie de esixencias para a súa efectividade material.

III.2.- O imperio da Lei

O imperio da lei presupón que o dereito é a base e límite do estado. Ademais de lexitimar o poder, é necesario que o dereito garanta o seu exercicio en termos de respecto á pluralidade e aos postulados éticos aos que se deberá someter o seu exercicio. A lei é soberana e, en consecuencia, está por riba de toda autoridade, incluído o goberno, os seus membros e administración. Que isto é así na práctica, debe chegar ós cidadáns con absoluta nitidez. En consecuencia, a información e a transparencia son elementos fundamentais no funcionamento do Estado de dereito e de todos os seus órganos. A lei debe ser accesible a todos os cidadáns e clara nos seus postulados. Na súa aplicación non caben excepcións.

Non hai imperio da lei, e por elo cede o Estado de dereito, sen a existencia dun Poder Xudicial autenticamente independente e co monopolio da interpretación última e aplicación da lei. Isto presupón, a necesaria división de poderes e a existencia de mecanismos xurídicos que impidan, na práctica, o sometemento do Poder Xudicial ao Poder Executivo. Pero ademais, todos os cidadáns han de ter dereito efectivo de acceso á xustiza, sen restricións, en plano de absoluta igualdade. Calquera restrición no acceso á xustiza, ou a imposición de trabas que xeren desigualdade nesta liña, quebra claramente o Estado de dereito. Son tamén postulados necesarios do Estado de dereito, o respecto ao dereito internacional e á dignidade humana.

III.3.- A lexitimación democrática

No que fai referencia á lexitimación democrática do poder e do dereito, consecuencia do principio de que a soberanía reside no pobo e del emanan todos os poderes, parece necesario incidir na súa realización

efectiva, mediante mecanismos legais que garantan a súa esencia material, máis alá de aspectos puramente formais.

En primeiro lugar, o maior nivel de educación e formación da cidadanía, en canto aval de independencia de criterio e capacidade de elección, debe ser un dos principais obxectivos do estado democrático. Na medida en que unha sociedade consiga maior grado de igualdade na educación e formación dos seus cidadáns e aplicación do principio de igualdade de oportunidades, haberá máis garantías de que a decisión da maioría, expresada libre e democraticamente nas urnas, coincida coa decisión máis sensata e conveniente para a sociedade no seu conxunto. Unha educación equitativa, de calidade e con valores é, ademais de salvagarda da democracia, unha garantía de progreso social e económico.

Na democracia actual, cun amplo compoñente partitocrático, hai marxe para unha maior participación da sociedade na conformación da actividade dos partidos políticos nos procesos electorais que actualmente se levan a cabo a través de listas electorais totalmente pechadas. Parece razoable promover e garantir, por medios xurídicos, unha maior participación política dos cidadáns en función da súa capacidade, do seu mérito e integridade demostrada e da súa vocación de servizo público. Sería necesario un cambio lexislativo que modere o efecto de listas pechadas e facilite e promova maior participación cidadá nesta fase do proceso democrático, que a bo seguro favorecería a afección da cidadanía, e especialmente dos máis novos, á vida pública.

Por outra banda, parece tamén aconsellable conciliar a liberdade dos cidadáns para a creación de partidos políticos e a súa libre participación na vida pública, coa necesaria estabilidade e garantía de gobernanza acorde coa vontade dos cidadáns libremente expresada nas urnas. En definitiva, trataríase de buscar un equilibrio entre proporcionalidade

representativa, en función da vontade popular, e garantía de goberno estable e eficaz. Un equilibrio que, en países do noso entorno, parece garantir mellor a segunda volta, fronte ao sistema maioritario puro. Unha segunda volta que, cos seus resultados, permite ós cidadáns unha maior identificación cos seus gobernantes e, en consecuencia, tamén unha maior afección cara á súa actividade.

III.4.- A ética como presoposto imprescindible dunha gobernanza democrática

Ultimamente púxose de moda a palabra gobernanza, como a tarefa dos poderes públicos de gobernar tendo en conta o papel do mercado e da sociedade civil e coordinando o desenvolvemento para a consecución do ben común de toda a cidadanía. Está comunmente aceptado que son factores dunha boa gobernanza, non só as eleccións libres e democráticas celebradas periodicamente, senón tamén unha maior conexión e colaboración entre partidos políticos e movementos sociais, grupos e asociacións, a denominada sociedade civil, favorecendo así a tolerancia, o diálogo e o pacto, é dicir a cultura cívica e democrática asentada na aplicación de principios éticos socialmente recoñecidos e aceptados.

A ética pública constitúe ou integra o conxunto de valores e principios en que deben sustentarse as normas. É ético o comportamento que se axusta a estes principios e valores. En palabras do profesor Luna Alcolea, citando a Leibniz, o dereito é a plasmación da ética pública segundo regras políticas e por tanto debe inspirar o comportamento dos individuos e dos poderes públicos, máis alá do mero formalismo normativo. O comportamento ético é o comportamento axustado a eses principios e valores e en consecuencia, moitas veces vai máis alá do comportamento esixible en termos de dereito positivo. Pero se ben é

certo que a ética pública non esta garantida só co seu recoñecemento ou imposición legal e, en consecuencia, para contribuír á ética é necesario un labor preventivo que dificulte as prácticas erráticas ou corruptas, tamén o é que o labor preventivo será máis eficaz na medida en que os principios éticos, civís ou racionais, en moitos casos inherentes á conciencia do pobo, que deben disciplinar e definir tamén unha conduta socialmente razoable, se incorporasen ao ordenamento xurídico, ben como principios informadores ou ben como normas de conduta e así, desde a base mesma do dereito, presidir a súa aplicación e orientar a actuación dos cidadáns, e moi especialmente a dos poderes públicos e os seus servidores, principais obrigados a cumprir e facer cumprir a lei na súa letra e no seu espírito.

O argumento *non é ético pero tampouco ilegal* que pode amparar a conduta socialmente reprochable dun cidadá, que non obstante non ten sanción no ámbito legal, non é en modo algún aplicable os que desempeñen as súas tarefas no ámbito político ou administrativo, por condutas que teñan lugar no exercicio das súas funcións públicas. Nestes casos, ao servidor público so lle cabe unha conduta ética e socialmente aceptable e a súa alternativa é o abandono da vida pública.

En resumo, a lei debe ter un contido ético que estará presente, ademais, na actuación de todos os poderes públicos. A actividade do Estado debe responder en todo momento ao interese xeral, e os órganos do Estado e os particulares deben actuar sempre conforme ás regras de boa fe. A ética é rendible, afecta á riqueza económica e garantiza a sostenibilidade do sistema.

No noso país, o artigo 1.1 da Constitución dispón que *España se constitúe nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a*

igualdade e o pluralismo político, recollendo así os principios que inspiraron o noso réxime constitucional, é dicir, o principio de legalidade, o recoñecemento dos dereitos fundamentais da persoa, o principio da separación de poderes, a solidariedade e a participación, principios que han de presidir a actuación de todos os poderes do Estado. Ademais no seu artigo 103 determina, que a administración pública sirve con obxectividade aos intereses xerais e actúa de acordo con criterios de eficacia; e no seu artigo 31 prescribe que a execución dos recursos públicos responderá a criterios de eficiencia e economía. Establece así unha ética constitucionalizada, positivizada, e en definitiva, legal, que marca o rumbo e obriga a todos os poderes públicos e os seus responsables.

De acordo coa nosa Carta Magna, a acción política lexitímase desde o escrupuloso cumprimento da Lei por parte dos que a exercen. Os órganos do Estado e os particulares deben actuar sempre conforme ás regras da boa fe. Coa recta intención de beneficiar á sociedade no seu conxunto. De servir ós intereses xerais.

III.5.- A transparencia como presuposto da legalidade e da ética

Cada día é máis frecuente escoitar voces autorizadas que sosteñen que a crise financeira actual é consecuencia dunha previa crise de valores éticos, orixinadora de condutas guiadas polo beneficio individual inmediato e de costas ao interese xeral, nun contexto de desregulación e falta de transparencia e de control que foi socavando principios e valores civís e racionais sobre os que, como queda dito, debe sustentarse o ordenamento xurídico e a propia organización social. A gobernanza actual, xunto a esixencias éticas, ou precisamente por esta razón, require tamén transparencia na xestión dos asuntos públicos. En consecuencia, impóñense tamén como necesarios, mecanismo de transparencia para un real e efectivo control do goberno desde amplos sectores da sociedade civil.

Se a ética é socialmente rendible e garantía para a sustentabilidade do sistema, a transparencia na xestión tense convertido nun presuposto de eficacia e bo goberno. Ten o seu amparo no dereito inalienable dos cidadáns a coñecer cómo se xestionan os recursos que achegan vía impositiva por parte dos que foron investidos de poder político e capacidade de xestión, a través do seu mandato expresado nas urnas. Dereito de coñecemento e transparencia que é extensible tamén á xestión dos partidos políticos, que se nutren de fondos públicos e constitúen canles privilexiadas de participación política.

O acceso dos cidadáns a unha información rápida e detallada do labor dos poderes públicos e administracións en xeral, é un elemento fundamental para acabar coa opacidade que facilita a corrupción e a súa impunidad. Neste momento, é necesario poñer en valor o papel das novas tecnoloxías da información e comunicación, regulando o seu uso para o acceso do cidadá ao coñecemento da actividade pública, facilitando así a transparencia no seu funcionamento e con elo, unha maior identificación dos administrados cos poderes públicos e a súa administración. A reserva debe limitarse exclusivamente aos ámbitos da seguridade ou outros con claro e incuestionable interese xeral.

Dáse a circunstancia de que aqueles países que antes dispuxeron dunha lexislación avanzada, en materia de transparencia e acceso dos cidadáns á información da xestión pública, son países con maiores ratios de eficiencia e eficacia nas súas administracións públicas e ocupan os últimos lugares nas listas mundiais de incidencia da corrupción no ámbito político en xeral. Casos como Nova Zelandia, Australia, Países nórdicos e incluso Chile no contexto dos países sudamericanos, ilustran o que acabo de expor.

É preciso apuntar que o noso país, que ocupa o número 31 entre os de maior incidencia de prácticas corruptas, intenta incorporarse ao club da transparencia mediante un proxecto de lei, actualmente en trámite nas Cortes Xerais, en cuxo texto, se bota en falta a designación dun órgano público específico e independente para a tutela do cumprimento das súas propias prescricións.¹

III.6.- O control externo. Eficacia e eficiencia

Pero como complemento necesario da transparencia está a garantía do funcionamento dos mecanismos de control externo das contas públicas, cunha efectiva rendición ante órganos independentes. Órganos que han de estender a súa función desde o simple, aínda que necesario, control da legalidade formal na execución presupostaria, ata o exame da economía, eficacia e eficiencia e o cumprimento dos obxectivos que, con claridade, deben marcarse os xestores públicos na súa actividade e no gasto. Condutas dos poderes públicos que se acomodan formalmente á legalidade, son inaceptables se violan os principios de economía, eficacia e eficiencia no uso dos recursos públicos que recolle a nosa Constitución. En consecuencia, o control externo da xestión pública é tamén un mecanismo eficaz para a mellora da efectividade das administracións e para a erradicación das prácticas fraudulentas ou corruptas, por ser a opacidade, o mellor ambiente para o abuso de poder. Neste mesmo ámbito do control, resulta tamén aconsellable a creación de mecanismos e planes específicos no ámbito do poder público para a detección e erradicación deste tipo de prácticas, na liña do reclamado recentemente polo Fiscal Superior de Galicia.

¹ Con posterioridade, durante o trámite parlamentario, incorporouse un órgano que reúne estas características

IV.- AS TENSIONES ACTUAIS DO ESTADO DE DEREITO

Na análise do binomio poder-dereito e a súa incidencia na cidadanía, é necesario abordar tamén as tensións que sobre o funcionamento do Estado de dereito tradicional ou Estado nacional, produciron, por unha parte, a ampliación das competencias e funcións do estado benefactor e garante das conquistas sociais, e por outra, a irrupción da globalización, cunha importantísima incidencia na economía mundial pero tamén nas economías nacionais de cada un dos estados.

O Estado de dereito actual, ou Estado social de dereito, xa non ten como única función a garantía de dereitos civís e políticos propios do estado liberal. Pola contra debe prover ademais os dereitos sociais, económicos e culturais do Estado do benestar ou Estado social. Debe proveer asistencia sanitaria e educación en condicións de igualdade, asistencia económica no caso de desemprego, amén do amparo no acceso ou consecución dunha vivenda digna e outros dereitos dos cidadáns. E todo elo nunha conxuntura de mundialización económica na que os estados ven diminuídos os mecanismos xurídicos para neutralizar os efectos, ás veces perversos, que a economía especulativa mundializada, con escasa regulación e control, pode carrexar. Diríase, que o Estado se fixera demasiado grande, demasiado distante, para achegar, nun ámbito máis local, a toda a cidadanía os servizos e prestacións que esta lle demanda. E demasiado pequeno para facer fronte ós retos da globalización e a súa incidencia no funcionamento da economía nacional.

Por outra parte, convén tamén situar esta análise na realidade política e económica do noso país, como Estado descentralizado, formando parte de organismos mundiais de cooperación e colaboración e integrado na Unión Europea.

IV.1.- Poderes rexionais

Na liña da primeira das necesidades de acomodación do poder e do dereito estatal, xa na segunda metade do século pasado, pronunciouse o Consello de Europa a través da Conferencia Permanente de Poderes locais e rexionais e moi especialmente na súa Declaración de Burdeos de 1978, cando establece: *A rexión sinala en moitas ocasións unha comunidade humana que vive no marco dun país, pero que se distingue pola súa homoxeneidade cultural, lingüística, histórica, xeográfica e económica, que leva á súa poboación a perseguir obxectivos e intereses comúns a través da descentralización e articulación de poderes tamén rexionais dentro do Estado.* De acordo con esta tese, o mesmo Consello formula *a defensa das singularidades rexionais a través da existencia dunha asemblea lexislativa rexional, elixida por sufraxio universal, e un executivo rexional responsable para ante a mesma, alí onde se dea unha identidade rexional.* En consonancia con esta doutrina dun rexionalismo utilitarista, que en moitos aspectos vén a reforzar os postulados do rexionalismo ou nacionalismo identitario do século XIX no noso país, nace o Estado das autonomías. O sentimento rexionalista imperante nas nacionalidades históricas e as súas singularidades culturais, lingüísticas e económicas, serán, en boa medida, o motor da transformación dun Estado unitario, e fortemente centralizado, no actual Estado autonómico, cun grado de descentralización política e administrativa que o aproxima á estrutura federal tradicional. Pero ademais, xunto ao incremento das funcións do Estado que xa puxemos de manifesto, o xenio expansivo do Estado de dereito, do que fala o profesor García de Enterría, xoga tamén a favor dunha necesaria descentralización.

Nesta situación, non parece que sexan hoxe solución políticas recentralizadoras e uniformadoras do particularismo rexional, alí onde exista,

co simple obxecto de paliar o erro histórico de ver tales particularidades, e darlles carta de natureza, alí onde claramente non existían. A volta ao estado centralista, non é o camiño a recorrer no futuro. Máis ben parece aconsellable corrixir os erros, as disfuncións e duplicidades innecesarias que o transcurso do tempo e o funcionamento do modelo puxeron de manifesto, dotando ao actual Estado descentralizado de maiores ratios de racionalidade, coordinación, eficacia e eficiencia. É necesario axeitar ao noso tempo estruturas de poder político e administrativo, do ámbito local, nadas e acomodadas a parámetros xeográficos, poboacionais e políticos propios do século XIX, que hoxe non responden a mínimos de economía, eficacia e eficiencia que son esixibles ao conxunto das nosas administracións públicas.

IV.2.- Os espazos supraestatais. A Unión Europea

No segundo aspecto, a creación de poderes e espazos xurídicos supraestatais foi unha constante no último século, coa aparición de institucións para garantir a paz mundial e os dereitos humanos a nivel global e a creación de espazos de cooperación económica, neste caso tamén a nivel rexional. Estas novas institucións tiveron incidencia na configuración do poder e a soberanía do estado. A aparición de espazos multilaterais de cooperación como a Organización de Nacións Unidas, na senda da Sociedade de Nacións, supuxo unha débil limitación da soberanía do estado por vía convencional.

Pero a crecente mundialización económica e financeira, facilitada e acentuada pola irrupción das novas tecnoloxías da información e comunicación, contribuíron tamén a unha erosión, inicialmente de facto, da soberanía. E dicimos inicialmente de facto, porque detrás deste fenómeno de globalización está tamén o nacemento de organizacións in-

terestatais que pretenden aproveitar o seu potencial e, na medida do posible, paliar os seus efectos negativos. A creación destas organizacións leva consigo a transferencia de dereito, de parte da soberanía dos seus estados membros á nova organización política.

